CÓDIGO ÉTICO AGALIN

AGALIN é a denominación de Asociación Galega de Inmobiliarias, creada co fin de defender os intereses das empresas do sector do asesoramento, a xestión e/ou a comercialización inmobiliaria.

Adquiriu Personalidade xurídica e Plena capacidade de obrar o día 7 de xuño de 2005, segundo certificación da Xunta de Galicia, con número de Rexistro 16060.

O seu domicilio social atópase na rúa Vista Alegre, nº 100, baixo, de Santiago de Compostela, C.P. 15.705. O seu CIF é G-15.994.387

A través deste documento, establécense as bases do Código Ético de AGALIN, co obxecto de interpretar e resolver discrepancias que podan afecta aos afectados entre sí e hacia terceiros.

CÓDIGO ÉTICO

1.- Cada asociado deberá cumprir coa lexislación estatal, autonómica e legal que competa á súa actividade.

2.- Os asociados deberán estar ao día coas obrigacións en relación coa Asociación, é dicir, pago de cotas e demáis obrigas que podan orixinarse.

3.- Os agrupados deberán fomentar o respeto hacia o traballo doutros compañeiros inmobiliarios, evitando actos de competencia desleal. Na medida do posible, fomentarase a cooperación entre asociados, sen incluir a obrigación de compartir honorarios nin comisións.

4.- O asociado deberá actuar con dilixencia, honestidade e responsabilidade profesional. Tamén deberá protexer e velar polos intereses dos seus clientes en prevalencia dos seus propios. En ningún caso negarán a prestación dos seus servizos por razóns de raza, sexo ou relixión, ..., non participando en accións de discriminación contra terceiros.

5.- O asociado non ocultará datos fundamentais que podan inducir aos seus destinatarios a confusión ou erro, con especial salvagarda dos dereitos de consumidores e usuarios. O asociado será escrupuloso na redacción de contratos e rexerase polo principio de boa fe e xusto equilibrio dos dereitos e obrigacións das partes.

6.- Os asociados respetarán as normas de protección de datos e gardarán segredo profesional de tódolos datos que coñezan pola súa actividade profesional ou pola pertenza á asociación.

7.- Os asociados non aceptarán comisión, reembolso ou ganancia algunha por gastos feitos en nome do cliente, sen o seu coñecemento ou consentemento. En ningún caso recomendarán productos ou servizos que vaian en contra do propio cliente.

8.- Existe un Comité Ético e de Garantías que resolverá as diverxencias entre asociados e hacia terceiros. Este Comité estará formado por tres asociados que resolverán a cuestión, no prazo de 10 días, que será vinculante. Será o Secretario da asociación o que canalice as queixas dalgún asociado hacia outros ou hacia terceiros, solicitando a intervención do Comité Ético. Os incumprimentos deberán ser sancionados, se procede, segundo a seguinte graducación.

A. Falta leve: apercibimento por parte da Asociación, con posibilidade de expulsión en caso de acumulación de tres faltas leves reiteradas no tempo, ou dúas faltas leves acumuladas no prazo de 1 ano natural.

B. Falta grave: explusión da Asociación.

Estas estipulacións do Código Ético están suxeitas en todo momento á Lei aplicable, polo que en caso de que calquer estipulación fora inconsistente con algunha normativa aplicable, ésta prevalecerá.